



A MÚSICA PEGA DE CHEO NO IES DE MELIDE

Un cualificado grupo de alumnos e alumnas de 1º de Bach organiza unha semana de actividades culturais en torno á música.

REDACCIÓN MELIDE

Durante a semana do 11 ao 15 de decembro o alumnado da materia de Música I de Bacharelato organizou unha Semana da Música. O obxectivo era elaborar un plan de actividades e involucrase nun proxecto de xestión cultural, e... xa vistes o que houbo: fixéronse concursos de composición de cancións, de decoración musical e coñecementos, houbo enquisas sobre a música máis escoitada entre o alumnado e chistes e curiosidades sobre músicos, así como xogos, pasatempos e unha selección da mellor música pop rock de todos os tempos por estilos para amenizarvos a saída do insti. Colgamos todas estas cousas en carteis e murais polos corredores e as aulas e puxemos un pequeno gran de area para facervos ver que coa música podemos facer

moitas cousas, pero sobre todo pasalo ben. ¿Cantas cousas máis se che ocorren a ti que poidas facer coa música? Seguro que moitas, así que pon a túa imaxinación a voar e déixate levar.

Agora coñecerás os gañadores dos concursos e algúns dos resultados de todo este traballo, esperamos que o pasades ben, e lembrade que tamén fixemos un xogo para que non vos aburrades nos recreos, o taboleiro está pintado no chan do escenario do pavillón e podedes pedir unha rulleta para xogar a el en conserxería ou en dirección.

Gracias a todos os que colaborastes e participastes, porque isto fixémoslo para vos.



A organización espera que disfrutádes con todo isto, porque a música nos chega a todos.

Unha sonora aperta.

50 x 15 MUSICAL

Este ano no IES intentamos facer unha Semana da Música para achegala máis á vida cotiá. Unha das actividades consistía en facer un cuestionario de 1º a 4º da ESO para intentar coñecer o nivel xeral en coñecementos musicais do alumnado, un concurso que chamamos "50 x 15 MUSICAL", e abofé que houbo bons resultados, chegando algúns a responder correctamente ás 15 preguntas de cada un dos tests. Estas cabezas pensantes forman parte de 4ºB e de 3ºD, as únicas clases que chegaron a facer pleno, pero cerca lle andan os de 3ºC (un grupo chegou á 12, faltoulle moi pouco) e un pouco máis lonxe 3ºB (7).

Realmente gustaríanos que en vindeiras edicións (tanto nesta actividade como en conxunto) a participación e o compromiso, tanto de mestres coma de alumnos, fose maior, para poder sacarlle un maior proveito ás actividades plantexadas.

50 x 15 MUSICAL

Ademais debemos sinalar que a nosa labor viuse dificultada debido á mala comprensión das normas, así como na forma de expresar os resultados (realmente só o fixeron de acordo coas normas reflexadas 1°c, 3°b e 3°c). Agardamos que noutras actividades todos poñamos máis da nosa parte para que todo se faga segundo o plantexado.

Xa sen máis circunloquios imos cos gañadores: son Ivan Vazquez, Xurxo Pazo, Alejandro Peón e Alexandre Sanchez de 3°D. Os gañadores de 4°B sentimos non poder nomealos, pero non se nos comunicaron os seus nomes.

Agora reflexamos os cuestionarios para que todos poidan facelos na súa casa:

50 X 15 MUSICAL: 1° CICLO

- Qué é o timbre?
 - A calidade do son que nos permite recoñecer a fonte sonora
 - Aparello que serve para chamar ás portas
 - Calidade que nos permite recoñecer a duración do son
 - Insrtumento medieval
- Qué significa, en musica, o termo PP?
 - Partido Popular
 - Presto
 - Pianissimo
 - Pimpinela Power
- Cal non é de vento metal?
 - Tuba
 - Trompeta
 - Bombardino
 - Saxofón
- Cal é un compás ternario?
 - negra-corchea-silencio de corchea-negra
 - corchea-corchea-corchea-corchea-negra con puntillo
 - blanca-blanca
 - corchea-corchea-corchea
- Que musica se porá o luns no IES? (esta pregunta resolveríase mirando os carteis que se colocaron para a Semana da Música por todo o IES)
 - Rock ´n roll
 - Heavy
 - Soul
 - Reggae
- Cal é, de agudo a grave, a orde correcta?
 - soprano, tenor, contralto, baixo
 - soprano, contralto, baixo, tenor
 - baixo, contralto, tenor, soprano
 - soprano, contralto, tenor, baixo
- Que é un caldeiron?
 - Signo que prolonga a duración da figura á que acompaña ó gusto do musico
 - Signo que acurta as figuras en ½
 - Un tipo de música tradicional do sur-leste venezolano
 - Liña curva situada enriba das notas e que agrupa as mesmas de 2 en 2
- Pregunta de cultura xeral: Quén era Louis Armstrong?
 - O 1° home que pisou a lúa
 - Un ciclista
 - Un trompetista
 - Un saxofonista de jazz
- Cal NON é un compoñente dos Rolling Stones?
 - Mick Jagger
 - Keith Richards
 - George Harrison
 - Ron Wood
- Onde se coloca nunha orquestra a percusión?
 - No fondo
 - Diante
 - Na dereita
 - Na esquerda
- Cal é de percusión determinada?
 - Bombo
 - Timbais
 - Pandeireta
 - Caixa





50 x 15 MUSICAL

12. Onde ten o blues a súa orixe ?

- A) Nos EEUU
- B) En Africa
- C) En Gran Bretaña
- D) Na Francia

13. Cómo se chama a lingüeta da gaita galega?

- A) Paleta
- B) Pala
- C) Palleta
- D) Linguón

14. De quen é "Hard is a rock"?

- A) Metallica
- B) Judas Priest
- C) Iron Maiden
- D) AC-DC

15. Que tocaba King Oliver?

- A) Saxo
- B) Trombón
- C) Corneta
- D) Trompeta

SOLUCIÓNS

- 1. A
- 2. C
- 3. D
- 4. A
- 5. A
- 6. D
- 7. A
- 8. C
- 9. C
- 10. A
- 11. B
- 12. B
- 13. C
- 14. D
- 15. C

50 X 15 MUSICAL: 2º CICLO



1. De que época é Elvis Presley?

- A) 50's
- B) 20's
- C) 70's
- D) 90's

2. Que son é máis grave?

- A) Motocicleta
- B) Batería
- C) Frauta
- D) Bongós

3. Cal é o Do'?

- A) 
- B) 
- C) 
- D) 

4. Quen compuxo "As catro estacións"?

- A) Vivaldi
- B) Mozart
- C) Verdi
- D) Bach

5. Cal é a orixe da gaita?

- A) Celta
- B) Íbera
- C) Tartésica
- D) Arábica

6. Cal é tipicamente española?

- A) A ópera
- B) A zarzuela
- C) O vals
- D) O tango

7. Quen compuxo "A Traviata"?

- A) Rossini
- B) Verdi
- C) Chueca
- D) Bizet

8. Que é isto?

- A) Tresillo
- B) Tres semicorcheas
- C) Un pulso e medio
- D) Tres semifusas



9. En que época nace o jazz?

- A) Nos 10's
- B) Nos 20's
- C) Nos 30's
- D) Nos 1890's

10. Que tipo de música toca o grupo galego "Dios que te crew"?

- A) Hip-hop
- B) Heavy
- C) Pop-rock
- D) Soul

11. Onde tocaba Rosendo?

- A) Leño
- B) Extremo Duro
- C) Hombres G
- D) Mecano

12. Cal dos seguintes artista NON aparece nos 70's - 80's?

- A) Public Enemy
- B) Ice Cube
- C) Eminem
- D) Dej Jam



AS PEGADAS MUSICAIS

13. Cal dos seguintes instrumentos non é de vento metal?

- A) Trompeta
- B) Tuba
- C) Saxofón
- D) Friscorno

14. Que é un sintetizador?

- A) Aparello musical electrónico
- B) Aparello que fai que un instrumento consiga o efecto vibrato
- C) Sistema de conexións que transmite diferentes ordes a distintos instrumentos electrónicos
- D) Máquina semellante a un gravador

15. Cando empezou a tocar o afamado grupo de heavy metal AC~DC?

- A) 1990
- B) 1976
- C) 1978
- D) 1999

SOLUCIÓNS

- 1. A
- 2. A
- 3. C
- 4. A
- 5. D
- 6. B
- 7. B
- 8. A
- 9. B
- 10. A
- 11. A
- 12. C
- 13. C
- 14. A
- 15. B



¿En que consiste o xogo? En colocar as catro extremidades (pés e mans) nas pegadas dos instrumentos sen que o corpo toque o chan.

¿Cantos xogan? Poden participar ata un máximo de catro xogadores.

¿Quen perde? o primeiro que caiga ou que faga caer os demais xogadores.

¿Como se xoga? Cada cor da ruleta simboliza unha extremidade:

Amarelo: man dereita
Verde: pé dereito
Azul: man esquerda
Vermello: pé esquerdo

Por turnos cada xogador fai xirar a ruleta e coloca unha extremidade (segundo a cor) no instrumento que sinala a frecha da ruleta.

De cada turno só se colocará unha extremidade. Cando todos os xogadores coloquen as catro extremidades sen caer ningún o xogo remata e vólvese a empezar.